

## PEZA DO MES

novembro

2018

---



**FOTOGRAFÍA**  
**RETRATO DE EMILIO CASTELAR**

XUNTA DE GALICIA

## Fotografía

### Retrato de Emilio Castelar

Os primeiros retratos en fotografía foron os daguerrotipos, primeiro terzo do século XIX, eran pezas únicas, en metal e só accesibles a unha minoría social, pero en 1854 apareceron as denominadas cartes-de-visite (tarxetas de visita) que permitían tomar seis ou oito fotografías nunha placa, polo que se abarataba o retrato e facilitaba a súa divulgación. Na segunda metade do XIX tivo lugar unha era dourada do retrato fotográfico, abriuse a unha clientela máis ampla –burguesa principalmente– debido á aparición de novos métodos de positivación, como o do papel á albumina ou as copias á xelatina de revelación química –caso da fotografía que nos ocupa–.

Os estudos fotográficos máis antigos establecéronse arredor de 1840 (Alexander S. Wolcott e John Johnson en Broadway, Phillipe Fortuné Durand en Lyon, etc.) e cara a 1860 estaban xeneralizados nas principais capitais do mundo. Estes estudos ou gabinetes fotográficos instalábanse, habitualmente, nas partes altas dos edificios ou en espazos nos que se abrían amplos ventanais para permitir a entrada de luz suficiente para as tomas. Naquelas salas era necesaria ambientación para a imaxe; ao principio usábanse simples sabas, logo panos pintados, algún moble –cadeiras, peañas, etc.–, cos que se recreaban escenografías que servían de fondo aos retratados, xa fosen paisaxes, xardíns ou interiores de casas burguesas ou nobres. O retrato fotográfico supoñía o recoñecemento da imaxe dun mesmo nun momento concreto e á vez ofrecía a posibilidade de variar lixeiramente aquela imaxe proxectando outra diferente grazas aos aderezos que se engadían para a instantánea.

Por outro lado, a relación que se establecía entre o fotógrafo e o retratado era especial, o impacto que provocaba estar nun lugar alleo, o olor dos produtos químicos e o feito de ter que permanecer inmóbil durante certo tempo –ao principio era usual buscar apoios para aliviar a incomodidade das poses– provocaban sensacións singulares no retratado. Ademais, as cámaras usadas eran dispositivos de considerables dimensións, fabricadas en madeira, coiro e metal, con fol, trípode, etc., un tanto impactantes como maquinaria nos inicios.

En Galicia, a presenza da fotografía pode datarse cara a 1843 cos daguerrotipos de Enrique Luard Falconier. Os primeiros estudos poderían terse creado arredor de 1860 (Cisneros en Santiago de Compostela, por exemplo) e na década de 1870 están instalados nas principais cidades galegas.


O autor deste retrato de Emilio Castelar y Ripoll (1832–1899) foi o fotógrafo catalán Agustín Capmany i Serra (1846–1914) que tiña o seu laboratorio en Barcelona –rúa Fernando VII, n.º 36 (entrada pola Pasaxe do Crédito, n.º 2)– e, segundo *La Vanguardia*, abriu o seu taller o 20 de setembro de 1884 polo que esta fotografía de Castelar podería ser daqueles anos –non anterior a esa data– o cal é bastante consecuente coa idade do retratado. Así mesmo, Capmany contou con outra sucursal en Mataró –rúa San Antonio, n.º 32–, e tras o seu falecemento (1 de outubro de 1914) o negocio foi continuado pola súa viúva, Joaquina Palau Ferrer, ata 1923. Podemos afirmar que Capmany non estaba entre os fotógrafos máis afamados da Barcelona daquela época, na que traballaban retratistas que alcanzaron tanto renome como os Napoleón (Fernando e Anaís), Joan Martí ou Pau Audouard, entre outros. Aínda así, a investigadora Conxi Duro (2016) supón que debeu gozar de certo prestixio na súa época xa que Capmany recibiu algún encargo significativo como o de retratar o Cardeal Casañas no momento no que este ía ser nomeado bispo de Barcelona en 1901, e ademais, anunciaba o seu estudo fotográfico en prensa: como empresario entendía ben os beneficios dunha publicidade eficaz.

Esta imaxe do museo é unha positivación monocroma sobre papel –unha ampliación, sen contacto co negativo–. Resulta difícil identificar con exactitude a técnica utilizada pero probablemente se trate de xelatinobromuro de prata –tamén chamado copia á xelatina de revelación química– técnica que foi introducida na década de 1870, o papel de revelación química apareceu cara a 1880 e converteuse no soporte fotográfico máis usado. Este soporte tiña tres capas: papel, unha capa de barita (ocultaba a fibra do papel e daba á imaxe luminosidade e contraste) e unha emulsión de xelatina con bromuro de prata. Descoñecemos con exactitude o tipo de negativo usado pero podería ter sido unha placa de vidro con xelatinobromuro, negativo que empezou a utilizarse cara a 1875. En calquera caso, a revelación fotográfica deste tipo era máis rápida que anteriormente e podían

facerse copias e ampliacións a partir dun mesmo negativo. Outros tipos de emulsión de xelatina foron o cloruro de prata ou o clorobromuro de prata, aínda que con menor uso.

Nesta fotografía, Emilio Castelar –con algo máis de cincuenta anos– é retratado de medio corpo sobre un fondo neutro, con fronte despexada e poboado bigote –tan propio daquela época e vestido con traxe escuro sobre camisa branca. Formalmente non se aparta moito do arquetipo de retrato pictórico.

É necesario preguntarse pola razón da presenza deste retrato nas coleccións do museo e encontrámola na dedicatoria manuscrita e asinada polo tribuno ao pé da imaxe:



*A mi amigo y correligionario el elocuente orador y sabio J.M. Paz Novoa en señal de cariñoso afecto y profunda estimación.*

Efectivamente, Castelar era amigo do xurista ourensán Juan Manuel Paz Novoa (1839–1895), avogado e profesor do Centro Provincial de Instrución de Ourense, ao que probablemente coñeceu na Universidade Central de Madrid, nela o primeiro cursou o doutoramento en 1861 e Castelar exercía como profesor de Historia crítica e filosófica de España. Aquela relación amigable, ademais de perdurar no tempo, tivo unha vertente política xa que Juan Manuel Paz foi a cabeza do republicanismo castelariano en Galicia e propiciou unha visita de Castelar a Ourense no ano 1885, visita na que o político se aloxou no domicilio de Paz Novoa –na rúa Progreso– polo que esta fotografía foi, sen dúbida, un regalo que fixo ao seu amigo por aqueles anos e cuxa datación, en consecuencia, pode establecerse entre 1880 e 1890 aproximadamente. Aquela visita á cidade das Burgas tivo un claro contido político xa que Castelar pretendía fortalecer o partido republicano ourensán e á vez infundir ánimo aos

seus correligionarios. Este proceso culminou na celebración de cea homenaxe na fonda Cuanda, cea na que faláron os líderes locais como Novoa, Ildelfonso Meruéndano, etc, e en cuxo transcurso o político pronunciou un dos seus aclamados discursos. Ademais, como era habitual nel, aproveitou o tempo para asistir a diferentes actividades culturais entre as que inevitablemente estivo a visita á catedral.

A fotografía, formando parte dun lote de obxectos pertencentes orixinariamente ao profesor ourensán, foi doada ao museo no ano 2015.

#### BIBLIOGRAFÍA:

DURO, C. (2016) «Els inicis de la fotografía a Mataró», en *Fulls del Museu Arxiu Santa María, Mataró*.

LAVEDRINE, B., GANDOLFO, J. P., MONOD, S. (2007) *Reconnaître et conserver les photographies anciennes*, Comité des travaux historiques et scientifiques, París.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

[www.musarqourense.xunta.es](http://www.musarqourense.xunta.es)  
[mapour@xunta.es](mailto:mapour@xunta.es)

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Roberto Aneiros García

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico

galicia

XUNTA DE GALICIA